



INFORMACIÓN PROGRAMA DE AXUDA PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 2024-2025

Só alumnado de primaria

O prazo para presentar as solicitudes remata o **21 de xuño**.

O alumnado de 5º e 6º de primaria segue con **EDIXGAL** polo que **non terá fondo de libros**.
Si pode solicitar **axuda de material**.

Anexo para imprimir e traer ao colexio. **ED330B**

Documentación

Haberá que presentar copia do libro de familia

De ser o caso, tamén:

Sentenza de separación ou divorcio.

Certificado de discapacidades se non foi expedido pola administración autonómica.

Documento que determine a relación de convivencia no caso de non ter libro de familia.

Forma de presentación:

Sede electrónica- A través da aplicación **fondolibros**

Presencial – Cubrir e traer ao colexio o impreso **ED330B** (tamén nos podedes pedir o impreso no colexio para cubrir a man, pero non é opción preferente).

Acceso a Orde do 7 de maio de 2024.

Manual das familias

Resumo de axudas:

	Renda per cápita familiar				Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€		> 6.000 e ≤ 10.000€		En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material		
1º e 2º EP	240€	160€			240€		300€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾	75€	60€	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	75€	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 300 € ⁽²⁾	75 €	300 €	75 €
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	240€	160€			240€					
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	270€	180€			270€					

⁽¹⁾ O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.

⁽²⁾ O alumnado cunha discapacidade ≥ 65 % matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).

⁽³⁾ O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.